

ACUERDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALEGO DE SAUDE Y EL LABORATORIO ROCHE FARMA SAU PARA LA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERÉS SANITARIO EN MATERIA DE MEDICINA PERSONALIZADA Y DE PRECISION.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 04.06.2024 co laboratorio Roche Farma SAU o instrumento convencional arriba referido, cunha vixencia de dous anos a partires da sinatura e posibilidade de prórroga, no seu caso.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación, innovación, mellora continua e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria no ámbito da medicina personalizada e de precisión, a través do fomento de actividades de intercambio de experiencia e coñecemento científico-técnico, formación, así como proxectos de innovación e mellora de procesos orientados á implantación e despregamento dunha estratexia de medicina personalizada no Servizo Galego de Saúde.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que:

Dunha banda, a Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación cuxo obxecto principal da súa actividade é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Doutra, Roche Farma, SA ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación, innovación e formación na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está interesada en poñer en marcha e/o apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes, e por tanto, colaborar en proxectos de investigación, innovación, mellora continua e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional ou a atención aos pacientes.

En definitiva, Roche quere implicarse coma axente colaborador da consellería, mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas no presente protocolo, en relación á mellora da

atención sanitaria, no referente a avanzar na implantación da medicina personalizada e de precisión, que permita un diagnóstico e tratamento personalizado dos pacientes do Servizo Galego de Saúde.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

